

PROXECTO:

BIBLIOTECA ACCESIBLE. UN PROXECTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL DA AXENCIA DE LECTURA DO CONCELLO DE BÓVEDA

I. INTRODUCCIÓN

O Concello de Bóveda conta na súa delegación de Cultura cun Centro Sociocultural no que está a Axencia de Lectura Municipal, ubicada perto do Colexio Público Rosalía de Castro, o que proporciona un marco incomparable para o desenvolvemento de accións e actividades culturais e de Animación á lectura.

Desde a súa apertura (1997) a Axencia de Lectura conta cun programa específico de animación e actividades de interese para os/as usuarios/as da mesma e os veciños e veciñas da localidade. Este programa foi variando cada ano, dependendo de moitos factores (persoas e institucións participantes, axudas das diferentes entidades, demandas das persoas usuarias, etc). Convertíndose deste xeito, a axencia de lectura, nun dos focos dinamizadores da cultura e da animación sociocultural deste concello.

Entre os obxectivos xerais das actividades da axencia de lectura estan:

- Potenciar o hábito lector e animar á lectura.
- Captar novos usuarios/as e socios/as.
- Familiarizar ás persoas que visitan á biblioteca co seu funcionamento.
- Orientacións lectoras para o colectivo de usuarios/as que o solicitan.
- Favorecer o pensamento crítico e a elaboración de opinións persoais.
- Realizar actividades de animación, obradoiros e actividades de investigación.
- Integrar activamente a lectura dentro da vida das persoas usuarias.
- Fomentar a percepción da lectura como unha actividade para gozar.

No mes de outubro do ano 2012 inaugurase unha residencia para persoas con diversidade funcional, un colectivo formado por xente con limitacións de todo tipo (motriz, visual, auditiva, intelectual, psíquica; persoas con problemas de adiccións, en situación de dependencia, etc.) É dicir o colectivo de grandes dependentes que forman as persoas usuarias da Residencia para persoas con discapacidade do concello de Bóveda; o que fai que desde a biblioteca se comece a propoñer o acceso destas persoas ós servizos que ofrece a mesma e a pensar na restructuración e adquisición de recursos para a nosa colección bibliográfica (libros de lectura fácil, con letra grande, audio libros, audiovisuais, etc). Comezamos coa instalación dun acceso na beirarúa e a adaptación dun aseo para persoas con discapacidade. E aquí comeza o que se convertirá nunha estreita relación e nun proxecto de integración social das persoas usuarias da biblioteca que viven na residencia do concello de Bóveda e no que se comezan a propoñer actividades que ían realizar os propios usuari@s da residencia para todo o concello.

XUSTIFICACION

A nosa intención foi deseñar e levar a cabo un proxecto social innovador no que potenciar a capacidade da biblioteca de influir na comunidade. En concreto, executar un proxecto de integración social dese colectivo que polas súas circunstancias de carencia económica, déficit



educativo, discapacidade, enfermidade ou privación de liberdade, se atopaban en situación de precariedade ou risco de exclusión social.

É dicir, *“configurar unha Biblioteca inclusiva para a transformación a través dunha combinación de fórmulas tradicionais e iniciativas innovadoras. As primeiras tradicionais derívanse do feito de que a biblioteca, por definición, é un espazo igualador que pode e debe contribuír de forma explícita á inclusión social, constituíndose nunha ferramenta de apoio social e educativo, paliativa das situacións de inequidade. As declaracións respecto diso da UNESCO non perden vixencia co discorrer das décadas: “Os servizos da biblioteca pública préstanse sobre a base da igualdade de acceso para todas as persoas, sen ter en conta a súa idade, raza, sexo, relixión, nacionalidade, idioma ou condición social. Debe ofrecerse servizos e materiais especiais para aqueles usuari@s que por unha ou outra razón non poden facer uso dos servizos e materiais ordinarios, por exemplo, minorías lingüísticas, persoas con discapacidades ou persoas en hospitais ou en prisión”. Neste apartado dos servizos bibliotecarios teñen cabida as actuacións que as bibliotecas veñen poñendo en práctica para axudar a que os individuos en situación de risco social poidan integrarse paulatinamente na estrutura socioeconómica da comunidade en condicións de equidade e participar da súa evolución e mellora. As segundas innovadoras (.....) refírense a enfoques novos de servizos e de actividades como parte do conxunto de actuacións orientadas a eses obxectivos de inclusión e de empoderamento cidadán de persoas en situación precaria. O impacto dos avances tecnolóxicos teñen provocado unha transformación da sociedade que ten tamén impactos evidentes sobre as prácticas de fomento da lectura e de promoción do libro. As bibliotecas son testemuñas de cambio de época onde a maneira de transmitir o coñecemento afronta o reto de complementarse cos medios tradicionais con soportes de lectura dixital e actividades ligadas a esta para toda a sociedade. Desta forma os hábitos de lectura e escritura están a experimentar unha transformación histórica debido á irrupción cotiá da internet (.....)” Johanna Hernández D. “Biblioteca Inclusiva. Modelo para proyectos bibliotecarios de inclusión social” .INELI*

OBXECTIVOS

Polo tanto puxémonos mans a obra para crear un proxecto cos seguintes grandes obxectivos xerais:

- * Incorporar o colectivo de persoas con diversidade funcional que viven na Residencia de Bóveda e que ata o momento non se integraran na biblioteca, nas actividades e servizos desenvolvidos pola axencia de lectura municipal.
- * Atender ás necesidades de individuos e colectivos en situación de maior vulnerabilidade e de promover a súa inserción e participación dentro da dinámica da comunidade na que habitan.
- * Programar actividades innovadoras dirixidas a este colectivos non integrados a partir da lectura como vínculo de integración cultural.
- * Estudar as necesidade e demandas desas persoas usuarias así como apoiar as propostas que eles fagan en canto programas reeducativos de lectura, lectura crítica, entre outros nas actividades semanais.
- * Visibilizar as coleccións da biblioteca a partir dos usos que se poden dar, acompañando de actividades con aplicación na vida cotiá.



ACTIVIDADES CON OBXECTIVOS INNOVADORES

A innovación deste proxecto xurde en aspectos tales como:

A relación que se establece coa comunidade na biblioteca e na que se potencian e realizan actividades semanais traballando aspectos como (a transmisión oral de coñecemento, a reconstrución da memoria, a historia local, a identidade cultural, etc.)

A participación do colectivo de residentes como actores e proponentes de servizos e actividades ante as necesidades do propio colectivo e ou da propia comunidade.

O traballo con outras organizacións públicas para o establecemento de sinerxias que fagan realidade determinados proxectos propostos por eles mesmos.

ÁREAS NAS QUE SE ENMARCA O PROXECTO

As actividades e temas cos que traballamos con este colectivo para a inclusión social son sobre todo nos temas de igualdade entre homes e mulleres, a problemática medioambiental, a adquisición de coñecemento ao longo da vida, pero sobre todo a cohesión e integración social deste colectivo na comunidade.

PUBLICIDADE

Levamos a cabo un traballo de dinamización e de promoción e publicidade de todo as actividades que se realizan na biblioteca: publicidade na prensa e na radio, pegada de carteis, información ó colexio e @s veciñ@s a través de correos electrónicos, de mensaxes (sms) de móbil, etc. Todo iso encamiñado a captar máis público doutras localidades e do propio concello.

MEMORIA DESCRITIVA

A relación coa Residencia de Bóveda propónse como unha actividade semanal para coller libros e recursos (revistas, audiovisuais, etc) así como a posibilidade de asistencia ós eventos que organizamos. Tendo como resultado de xeito inmediato que xa non só baixan para coller libros ou audiovisuais, senón que nesas sesións semanais se realizan actividades de animación á lectura: traballando con libros, contos, adeviñas, chistes, cómics, etc. que forman parte da colección bibliográfica da axencia de lectura e que nos sirven para achegar a colección a eses novos usuarios/as:

Semanas temáticas e Días Internacionais

Conta-contos para celebrar eventos festivos en datas sinaladas

Lectura en voz alta de temas de actualidade e interese para el@s

Murais/Debuxos sobre libros

Xogos literarios

Aprendendo a ler

Coñecendo o concello e a comarca a través do libros

Comic para tod@



Ao longo do ano 2013 a visita semanal: Biblioteca accesible converteuse nunha actividade permanente e fomos facendo socios/as as persoas que traballando coa educadora ían vindo interesadas en ler e en coñecer a biblioteca. O préstamo individualizado ou á residencia do material que demandan as persoas que semanalmente (venres de 15:00 a 16:30) veñan coñecer os fondos bibliográficos que existen na axencia de lectura de Bóveda. A este obradoiro acudíann cada semana arredor de 10 persoas e nel realizamos diferentes actividades. A avaliación é positiva e o resultado é que non só baixan para coller libros ou audiovisuais senón para falar de diversidade de temas e coñecerse entre eles un pouco máis. Ao principio fixemos uns obradoiros de formación de usuari@s para que coñeceran o funcionamento da mesma o os servizos que ofrecíamos. Foi tanto o éxito que cada vez querían vir máis persoas, con diferentes capacidades e niveis de lectura o que nos obrigou a preparar os recursos cos que contabamos para poder ofrecerllos. Aumentando significativamente o número de socios/as adultos. Descubrimos que había grandes deborador@s de libros e esas persoas fixeron aumentar o préstamo da biblioteca para adultos de xeito notable. Ata o punto que algunhas delas fixéronse membros do recente creado Club de Lectura para adultos. Comezaron a asistir ás reunións do Club e a coñecer o resto de persoas que formaban parte do mesmo. Polo que pensamos que este intercambio de opinións e este contacto coa comunidade podería ter continuidade noutro tipo de actividades.



Así que solicitamos ó centro que asistiran ás sesións de conta contos e eventos festivos organizados pola biblioteca (Día de Rosalía de Castro, Día Mundial da Poesía, Día Internacional do Libro, Día do teatro, das Letras Galegas, etc.) Os resultados non se fixeron esperar. A conexión cos nenos e nenas do Ceip Rosalía de Castro que se xestou na nosa axencia de lectura fixo que o propio centro escolar programara visitas para que os rapaces foran coñecer as instalacións e a rutina da vida das nov@s veciñ@s do concello, que ata ese momento eran descoñecidas e un pouco rar@s. Ise mesmo ano como consta na memoria do colexio os rapaces visitaron a residencia.

Realizada a avaliación das actividades dese ano cunha pequena enquisa de opinión descubrimos que unha das cousas que máis lles gustou os rapaces foi coñecer aos nov@s usuari@s do centro de diversidade funcional. Ver como funcionaban as cadeiras de rodas ou descubrir como se adaptan esas persoas a súa condición de diversidade (pouca vista, mobilidade reducida, etc.) Algúns deles nunca falaran ou estiveran cerca dunha persoa con diversidade funcional. Xa estabamos a facer



inclusión social.

A semente estaba botada e a partir de aí comeza o que será un proxecto con obxectivos de integración e inclusión social por parte da biblioteca en colaboración co concello e o Ceip Rosalía de Castro, e por supoasto a Residencia para persoas con discapacidade.

Xurde a primeira actividade proposta polas propias persoas residentes e que ten lugar no ano 2013: a participación nun dos eventos culturais máis grandes que celebramos no noso concello a Feira Tradicional “Outrora” de Rubián que reúne artesáns de toda Galicia e na que se propón a participación dunhas usuarias do centro que elaboran pulpos de lá e marcapáxinas decorados de madeira. Montan un stand na feira que é todo un éxito. E comeza o proxecto de integración social coa comunidade.

A relación continúa e no Nadal as súas maxestades os Reis Magos de Oriente, de gran tradición no noso concello, xunto á Banda Municipal de Gaitas visitará a Residencia con agasallos e música tradicional para encher de ledicia nese día máxico @s residentes, xunto cos veciños maiores e pequenos que quixeron entrar á residencia esa tarde. O noso traballo implica a outras institucións e persoas como son o concello e os veciñ@s.



A actividade de integración social continúa e no Concurso de Postres de Entroido do ano 2015 a participación das persoas usuarias da residencia foi moi interesante. Todos os anos que se fixo o concurso volveron participar. Ademais asistiron como xurado dúas cociñeiras da residencia e como público arredor de dúas ducias de persoas en cadeiras de rodas e andando, que ocuparon dous laterais do salón de actos polo que habilitamos con sillas a entrada para as persoas que querían sentarse. A xente da residencia coas súas cadeiras viña disfrazados dun tren con máquina e antes da merenda e do descanso fíxose un tren cos rapaces e rapazas e coas persoas da residencia. Asistindo disfrazad@s e bailando ou xogando con maiores e pequen@s nas diversas programacións que se fan para esa ocasión no Centro sociocultural do concello continúan vindo a día de hoxe todos os entroidos.

Pero non so se disfrazan no entroido a súa participación no Magosto/Samaín do concello foi e segue

sendo anual. O primeiro ano 2014 asustaron a todas as persoas que alí estabamos baixando maquillados de zombies, participando dos xogos tradicionais e interactuando con todo o mundo. A propia educadora do centro e eles mesmos fixeron maquillaxes a todos os asistentes.



O día da muller do ano 2015 coa axuda da educadora social (Olalla) poñen en escea un conto sobre a igualdade no Centro Sociocultural. Ao mesmo tempo que a nosa programación ten en conta a temática da discapacidade e a diversidade.

Contacontos de sombras chinesas “Arturo e Clementina” realizado polas persoas da Residencia para Persoas con Discapacidade de Bóveda (AIP)



Proxección do video “Lazos de mulleres” sobre muller e discapacidade (CIM de Monforte).



Visibilizar a realidade das persoas diversas para que non foran vistas como seres extraños pola comunidade na que viven é un dos obxectivos que de xeito transversal formará parte desde ese momento da nosa programación como axencia de lectura municipal e tamén das outras institucións que participan neste proxecto como é o ceip Rosalía de Castro que cada ano visita o centro e realiza actividades cos nen@s do colexio.



Adquirir libros e audiovisuais coa temática de diversidade funcional e amosar o traballo artístico que realizan esas persoas veciñas foron e son obxectivos deste proxecto que se leva a cabo sempre xunto coa colaboración da residencia (xerente, educador@ e animador@ sociocultural).

Para o mes dos libros (abril) propuxose un Obradoiro de encadernación na Biblioteca Municipal e a **Inauguración da 1ª Exposición Artística dunha persoa do centro: “Ventanas” de Ramón Estévez Paz**. Visitada por gran cantidade de persoas do concello e dos arredores pola súa orixinalidade e calidade fixo que Ramón que nunca dera a coñecer os seus traballos puxera en valor o que facía, e non sómentes él senón que con posterioridade fixera unha 2ª mostra do seu traballo na Casa da Cultura de Monforte de Lemos, o que fixo que ese obxectivo de inclusión social se ampliara a outros concellos e institucións. A raíz dese traballo Ramón deseñou unhas camisetas coas que percorreron o camiño de Santiago nunha das actividades que levan a cabo desde o centro.




Enumerar todas e cada unha das actividades que realizamos sería moi extenso destacaremos algunhas delas levadas a cabo acompañados doutra educadora importante neste proxecto (Mónica).

Outro dos eventos xa nomeados e que serven de encontro entre os veciños e o colectivo de usuarios da residencia é, como non, o entroido no que teñen gañado o premio ao grupo máis numeroso como aconteceu no ano 2016.





No ano 2017 e coma sempre disfrazados asisten ó magosto/samaín do concello e contannos un conto de medo



No ano 2018 para conmemorar o día en contra da violencia de xénero elaborouse un Mural Contra a violencia de xénero entre os rapaces do ceip e os usuarios do centro.

No ano 2019 continuando co proxecto de integración social inauguramos, esta vez da man doutra educadora da residencia (Aser) unha exposición interactiva realizada polos usuari@s e guiada por eles mesm@s no Centro sociocultural que tamén terá un percorrido por outras localizacións (Hospital de Monforte, etc...) chamada: “Discapacidade versus Diversidade” para traballar no cambio de concepto amosando as cousas tan diversas que poden facer as persoas diferentes cunha exposición sobre traballos manuais e artesanais dos usuari@s da residencia.





Ese mesmo ano participan na Feira “Outrora” elaborando unha pancarta para decorar o espazo do

evento.



CONCLUSIÓNS

Pensamos que todo este traballo de colaboración e participación non houbera sido igual se non fora polo traballo das persoas que estabamos implicadas no desenvolvemento dun proxecto de integración social no que insisto ten moito que ver o traballo das educadoras, animadoras e persoal da propia residencia, pero que se pode visibilizar grazas a relación que se tiña establecida coa delegación de Cultura do concello de Bóveda a través da Axencia de lectura municipal.

Como consecuencia de todo isto e para darlle continuidade ao proxecto e dado que o perfil dos usuari@s da biblioteca mudou recentemente facendo que as actividades realizadas nela sexa un lugar atractivo para moita persoas. Todo isto vai condicionar de xeito sensible o funcionamento destas dependencias, pois hai moita xente que se despraza en cadeiras de rodas ou con diferentes tipos de axudas mecánicas á mobilidade. Polo que se precisan novos espazos de exposición (estantes), novo mobiliario de cadeiras e mesas no espazo de lectura, de xeito que sexan versátiles tanto para nenos como para un número especialmente elevado de persoas en cadeira de rodas. Polo que no ano 2019 se propón unha intervención na propia biblioteca: Dotar de expositor de novidades con rodas para que teñan accesibilidade os usuarios con cadeiras de rodas. Equipar o espazo con mesas que teñan rodas nos pés e que estas se poidan apartar dobradas para adaptar o funcionamento da saa a todo tipo de usuarios, pensando fundamentalmente nas persoas con discapacidades. Ó mesmo tempo, tamén se precisan sillas axeitadas para ese tipo de mesas que sexan accesibles e estables. Para o que se realiza unha inversión económica por parte do concello no espazo da biblioteca coa intención de que este proxecto teña continuidade nese espazo e noutros.



As actividades continúan a día de hoxe cunha nova educadora implicada (Carmen) que desde que se incorporou conseguiu que o proxecto de integración social vaia para adiante e participa xunto con algúns usuari@s nos obradoiros de Estimulación Cognitiva (Memoria) que se levan a cabo para os veciñ@s maiores do concello nunha instalación no centro do pobo, interactuando con eles un día a semana coma veciñ@s do concello que son. E neste mes de setembro comezamos outra vez, despois do parón obrigatorio pola pandemia coa actividade de préstamo e visitas a biblioteca (Biblioteca Accesible) que seguirá dando os seus froitos no proxecto de integración das persoas diferentes deste concello. Esperando melloralo e podendo ser un exemplo para outros concellos con residencias similares nos seus territorios.

En todas as actividades faise un tipo ou outro de avaliación con respecto ós usuarios/as. Na avaliación temos en conta outros moitos factores, non só a opinión das persoas destinatarias senón tamén o noso traballo, o desfrute das memas, o traballo dos monitores, as instalacións, etc... e todo nos leva a concluír que a proposta de Biblioteca Accesible fixo cambiar a imaxe das persoas que viñan a vivir a esta residencia convertíndoas en veciños e veciñas dos que xa se recoñecen polo seu nome nalgúns casos e como persoas que forman parte desta comunidade.

BIBLIOGRAFÍA

Villar Javier. Accesibilidad y interculturalidad (Consejo de Cooperación Bibliotecaria) 2014
www.ccbiblio.es

Carrascosa Mercedes “La Acción Social en las Bibliotecas” 2016 www.biblogtecarios.es

Johanna Hernández D. “Biblioteca Inclusiva. Modelo para proyectos bibliotecarios de inclusión social” .INELI

